



NORMAS DE USO DO COMEDOR

- Establécense **dous comedores**, un para ciclo de infantil e outro para primaria e secundaria.
- Ao longo da mañá repasarase a lista do alumnado do comedor do día, aqueles que de forma eventual se queden a comer, deberán avisar ao profesorado, previa notificación da familia ao colexio.
- Cando remate a xornada e antes de entrar ao comedor o alumnado lavarán as mans con auga e xabón.
- Entrarán no comedor de forma ordeada de un en un e por grupos de clase, hixienizando as mans na entrada e tomando asento no sitio fixo designado polo persoal que atende o comedor.
- A mochila e as pertenzas persoais do alumnado colgaranse do respaldo da cadeira que cada un teña asignada.
- As mesa estarán dispostas por grupos e separadas entre grupos 1,5m.
- Unha vez sentados so poderán erguerse con causa xustificada e/ou co permiso do persoal ao cargo.
- Ao rematar a comida permanecerán nos seus postos ata que se lles indique o momento de recoller e saír .
- Sairán de forma organizada ao patio que teñan asigando por grupo.
- Usarase a máscara en tódolos momentos agás no propio de comer e beber, entrarán con ela e a gardarán no momento que se lles sirva a comida, volvendo a poñela ao rematar e mentres agardan a saída.
- Ao sair, lavarán as mans de novo, con auga e xabón e/ou xel hidroalcolico.